

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: IES EDUARDO PONDAL – SANTIAGO DE COMPOSTELA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
DEPTO: ARTES PLÁSTICAS E DEBUXO TÉCNICO
DATA: 11 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO ACADÉMICO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: IES EDUARDO PONDAL - SANTIAGO CURSO: 3º ESO MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL
--	------------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Terase en conta os resultados acadados nas avaliacións anteriores. • O alumno pode mellorar a súa cualificación coas probas de nivel realizadas neste último trimestre.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas de recuperación para o alumnado suspenso. • Tarefas de avance de contidos para mellora da nota, se procede. • Emprego da plataforma Google Classroom para a asignación e entrega das tarefas.
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso calcularase do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcularase a media da 1ª e 2ª avaliación. ▪ Calcularase a media da 1ª e 2ª avaliación mailo 3º trimestre, aplicando a seguinte proporción: 35%-35%-30%. ▪ A cualificación final será a maior desas dúas medias. • Alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensa/s: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcularase a media da 1ª e 2ª avaliación, tendo en conta a nota de recuperación de cada avaliación, calculada a partir das tarefas de recuperación realizadas polo alumno. ▪ Calcularase a media da 1ª e 2ª avaliación (segundo o indicado no punto anterior) mailo 3º trimestre, aplicando a seguinte proporción: 35%-35%-30%. ▪ A cualificación final será a maior desas dúas medias.
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria de setembro será presencial, se é posible. Esta proba estará baseada nos contidos e estándares de aprendizaxe traballados nas dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Ademáis da proba extraordinaria, asignaranse unhas tarefas para realizar durante o verán. No caso de telas realizado, a cualificación calcularase sumando o 70% da nota da proba mailo 30% da nota media das tarefas de recuperación realizadas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva de documentos elaborados polo profesor e remitidos telemáticamente, relativos aos contidos e estándares de aprendizaxe indicados no apartado 1. • Visualización de vídeos e apuntes relativos aos contidos e estándares de aprendizaxe recollidos no apartado 1. • Realización de tarefas relacionadas cos contidos e estándares de aprendizaxe sinalados no apartado 1
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> • Todo o alumnado ten conectividade. • O alumnado recibe periódicamente correos informativos do profesor, tanto xerais coma particulares. • O alumnado pode contactar por correo electrónico co profesor para consultar calquera dúbida. • O profesor asigna tarefas, de xeito regular, a través da plataforma Google Classroom, indicando en cada unha o prazo de entrega. • En cada tarefa se axunta o seguinte: <ul style="list-style-type: none"> ○ Documento redactado polo profesor, cos contidos que se van desenvolver na tarefa. Incúense enlaces e vídeos para maior comprensión e aproveitamento do alumnado. ○ Instrucións da tarefa. No caso de tarefas de recuperación, ditas instructions son moi detalladas, paso por paso, axuntando en ocasións enlaces a vídeos explicativos. ○ Lámina de enunciado, sobre a que traballará o alumnado. ○ Lámina resolta ou fotografías do traballo resolto (ou outros similares), para guiar ó alumno. ○ Sala de chat, para plantear dúbidas directamente dende Classroom, de xeito privado ou público. • Posibilidade de realizar algunha sesión por video conferencia empregando a ferramenta Webex.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico. • Google Classroom. • Videoconferencia.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información contida neste documento será trasladada ó alumnado por correo electrónico e explicado por videoconferencia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, dentro da sección do departamento de Artes Plásticas e Debuxo Técnico.